Informe execución do proxecto de sensibilización en igualdade de oportunidades.
Recicla o xénero. 25N SCQ

O presente informe recolle a información sobre a planificación, organización e posta en marcha do proxecto de sensibilización en igualdade de oportunidades e violencia de xénero no marco do 25 de Novembro (en diante proxecto 25N) nos IES do Concello de Santiago de Compostela.

Contextualización

O presente informe recolle a información sobre a planificación, organización e posta en marca do proxecto de sensibilización en igualdade de oportunidades e violencia de xénero no marco do 25 de Novembro (en diante proxecto 25N) nos IES do Concello de Santiago de Compostela.

DESCRICIÓN E ALCANCE DO PROXECTO:

O proxecto foi deseñado cunha perspectiva integral e contempla:

<u>ESPECTÁCULO TEATRAL:</u>

O proxecto As Fillas Bravas, utiliza o teatro como ferramenta para a sensibilización social sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e para previr situacións de violencia contra as mulleres, agora ben, neste caso non se trata dun traballo de denuncia, senón de posta en valor da participación das mulleres na construción dunha identidade colectiva.

O interese educativo do proxecto reside no feito de provocar unha relectura da cultura tradicional a través da recuperación e actualización do cancioneiro popular galego, facendo unha prospección do máis local para extraer aportacións que reforcen os valores da igualdade na sociedade actual.

Os temas tratados polas protagonistas da obra: a sexualidade, os roles de xénero, a violencia contra as mulleres ou a división sexual do traballo non son temas ou preocupacións especificamente contemporáneas, senón que aparecen constantemente na tradición oral e de maneiras ás veces sorprendentes pola espontaneidade e crueza con que son tratados.

Un grupo de tres cantareiras ofrece un recital e entre canción e canción vai xurdindo un diálogo entre elas e co público sobre temas como a sexualidade, as relacións entre homes e mulleres, a violencia e o empoderamento da muller, sempre a partir das coplas que van cantando.

As Fillas Bravas expoñen modelos empoderados de muller, vencellados a expresións culturais tradicionais que agochan valores como a independencia, o empoderamento e a autonomía. Un traballo de investigación sobre a sexualidade, as relacións de xénero e os roles da muller na sociedade tradicional, transmitidos no cancioneiro popular galego a través da recompilación de textos orais populares.

OBRADOIROS PARA O RECICLAXE DO XÉNERO:

Contido e material "(in)formativo":

Contamos con material de traballo, cuxo contido, enfoque e metodoloxía está contrastada a través da experiencia e resultados adquiridos co alumnado.

As áreas de intervención coas que traballamos son as seguintes:

- Empoderamento
- Roles e estereotipos de xénero.
- Violencia de xénero.
- Coeducación afectivo- sexual/ sexualidade.
- O mito do amor romántico

Indirectamente e de forma transversal incluímos contidos noutras materias relacionadas:

- Conciliación familiar,
- Redes sociais e novos procesos de comunicación,
- Hábitos de esparexemento e ocio,
- Influencia das series de televisión, cine e música

O obxectivo principal dos obradoiros é lograr que o alumnado chegue a entender e dar visibilidade a través de experiencias persoais e próximas a configuración de roles e estereotipos que desencadean a desigualdade de xénero.

O contido dos obradoiros está dirixido a proporcionar valores sociais e de igualdade, a través da participación activa, reflexión e debate do alumnado a través das historias de vida que achegamos e que permiten "espertar" sensacións, emocións e sentimentos que posteriormente levan á reflexión individual.

As aulas transfórmanse nun espazo aberto que o alumando utiliza para achegar as súas historias persoais e vitais, motivo polo que sempre solicitamos que non acuda o persoal docente, xa que temos comprado que modifica a actitude e predisposición do alumnado.

O equipo técnico de Promove que lidera estas accións de sensibilización desenvolve un "personaxe" que resulta próximo, pola forma de comunicar, a linguaxe que emprega e as experiencias que traslada.

UNIDADE DIDÁCTICA:

Tratase dun recurso que está dispoñible para todos os centros que participan no proxecto e ao que poden acceder a través deste enlace:
http://promoveconsultoria.com/fillasbravas/

Contén diferentes actividades que foron deseñadas e elaboradas para este proxecto e que están clasificadas segundo temática e grupos de idade.

Actividades que están destinadas ao persoal docente do centro e que permite que profesoras e profesores se convertan en axentes de cambio asumindo a sensibilización e modificación da identidade de xénero.

A maiores existe tamén un apartado co material de apoio adicional que o persoal docente pode utilizar como referencia para incluír o principio de igualdade de oportunidades na súa propia programación.

Perfil do alumnado

Gráfica 1. Distribución do alumnado participante segundo sexo



Gráfica 2. Distribución do alumnado segundo idade



Características e estrutura do proxecto de sensibilización

PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN:

O proxecto 25N **comezou o 20 de Outubro 2015**, unha vez aprobado e notificado o orzamento do mesmo.

A partir dese momento, o equipo técnico de Promove continua co contacto que se establecera previamente cos IES- a modo informativo- para ofrecer a posibilidade de participar no proxecto e as condicións do mesmo.

Contactouse con todos os IES do Concello de Santiago de Compostela.

1. IES A Pontepedriña
2. IES Eduardo Pondal
3. IES Lamas de Abade
4. IES San Clemente
5. IES Plurilingüe Rosalía de Castro
6. IES As Fontiñas
7. IES Arcebispo Xelmírez I
8. IES Arcebispo Xelmírez II
9. IES de Sar
10. IES Antonio Fraguas Fraguas

Catro destes IES declinaron participar no proxecto, por incompatibilidade da axenda escolar ou dificultades co persoal docente á hora de planificar a posta en marcha de obradoiros e función de teatro.

Finalmente, **participaron 4 IES (Pontepedriña, Xelmírez I, Fontiñas e Antonio Fraguas).**

Ao longo do proceso de posta en marcha, contactamos telefonicamente e a través de correo electrónico, de forma continuada e permanente para planificar conxuntamente as datas dos obradoiros, a información sobre as correspondentes funcións, envío de Unidade didáctica e material de apoio complementario destinado ao persoal docente etc.

CALENDARIO DE ACTIVIDADES:

Funcións As Fillas Bravas:

- **23 Novembro. Sala Mozart. Auditorio de Galicia. 11.00- 12.00 horas.**
    - IES participantes: IES Pontepedriña/ Antonio Fraguas
    - Alumnado 4º ESO.
    - Cobertura: 178 persoas
    - Loxística: 4 autobuses (2 por IES).

mosquera

24 Novembro. Salón actos Xelmírez I. 12.00- 12.00 horas.

- IES participantes: IES Antonio Fraguas/Fontiñas/ Antonio Fraguas
- Alumnado 4º ESO e 1º Bacharelato
- Cobertura: 295 persoas
- Loxística: 4 autobuses (2 para IES Antonio Fraguas, 1 para IES Fotiñas e 1 compartido).

OBRADOIROS PARA O RECICLAXE DE XÉNERO:

- IES participantes: IES Antonio Fraguas/Fontiñas/ Xelmírez I
- Total de obradoiros: 15 obradoiros
- Alumnado 4º ESO e 1º Bacharelato
- Cobertura: 473 persoas
- Alcance: 19, 20, 25 e 26 de novembro.

Gráfica 3. Distribución dos obradoiros segundo IES participantes (desglose táboa 1)



Táboa 1. Alcance dos obradoiros segundo IES

IES	Días obradoiros	Nº alumnado obradoiros
Pontepedriña	19/25 N	153 persoas
Antonio Fraguas	26 N	220 persoas
Xelmirez I	20 N	100 persoas

Táboa 2. Grupos participantes nos obradoiros, segundo IES

IES	Días obradoiros	Grupos
Pontepedriña	19 novembro 25 novembro	4ºA- 4ºB- 4ºC 1º A- 1ºB- 1º C- 1ºD
Antonio Fraguas	26 novembro	4ºA- 4ºB- 4ºC- 4ºD 1ºA- 1ºB- 1ºC- 1º D
Xelmirez I	20 novembro	4ºA- 4ºB- 4ºC

Obradoiros Pontepedriña:

Obradoiros Xelmírez I:

Obradoiros Antonio Fraguas:

Valoración do alumnado

Gráfica 4. Valoración realizada polo alumnado do espectáculo As Fillas Bravas



Gráfica 5. Valoración realizada polo alumnado dos obradoiros para o reciclaxe de xénero



Gráfica 6. Necesidade deste tipo de obradoiros en aula